


Mónica vén à nosa clase



—Shhh! Está a piques de vir Mónica, xa sabedes que tendes que estar en silencio e levantar a man para falar —explica a mestra Cristina.

—Valeeee! —gritan de emoción os alumnos de 1º de primaria.



—Bos días, chámome Mónica e son a monitora do Centro Felino.

—Bos días, Mónica! —saúdan á vez os alumnos.



—Algún de vós viu un gato sen dono?

—Clarooo! —din entre risas.

—Pois o meu equipo e eu encargámonos de buscar por todo o barrio os gatos que hai para anotar onde viven e cantos son. Queredes ver algún deles?

—Siii!



Logo de varios minutos vendo as fotos dos gatos, Clara levanta a man e espera con paciencia a que lle dean a quenda de palabra.

—Dime, Clara —intervén a mestra.

—Gustaríame levar á casa ese gatiño negro. Dásmo? —pregunta Clara.


—Xa me gustaría, seguro que o coidarías moi ben, pero os gatos sen dono non se adaptan aos fogares —responde Mónica.

—Vaia... —contesta, desanimada.

Para tentar animala, o seu compañeiro Mateo dille:

—Non te preocupes, Clara, sempre podes adoptar un na protectora se a túa familia se compromete a coidalo para sempre.

—Moi ben dito, Mateo —di con orgullo a súa mestra.




—Tamén lle facemos unha ficha a cada gato. Nela apuntamos o que pesan e as veces que os levamos ao veterinario, entre outras anotacións —prosegue Mónica coa explicación.

—É de grande importancia que os veciños saiban o traballo que facemos para que nos poidan axudar.

—Eu voulo dicir a todos os meus veciños! —exclama Sara.

—E eu, e eu! —gritan os demais compañeiros.




—Que levante a man a quen lle guste comer e beber en pratos e vasos limpos —pide Mónica—. Xa vexo que vos gusta a todos. Pois aos gatos tamén, por iso lles limpamos os comedeiros e os bebedeiros.




—O máis difícil de todo é collelos para levalos ao veterinario. Utilizamos gaiolas nas que colocamos latíñas de peixe para que entren ao olor da comida. Unha vez que os temos dentro, tapamos a gaiola cunha manta.

—Cal é a súa comida favorita? —pregunta Lucía.

—Encántanlles as latas de peixe para gatos.




—Unha vez que os collemos témonos que asegurar de que non estean fóra máis dun día para que os seus amigos felinos non os boten de menos.



—Devolvémolos á súa colonia cun microchip e cunha marca na orella para saber que xa foron capturados. Así, se un gato con marca se mete na gaiola sabemos que temos que soltalo.

—Que interesante! E para que serve o microchip? —pregunta Edu.

—Serve para identificar o gato. É como o seu DNI —resólvelle a dúbida Mónica.



—Outra cousa que facemos antes de devolvelos é esterilizalos para que non teñan máis gatiños e así controlar o número de gatos que viven na colonia. Alguén ten algunha dúbida?

—Non, quedounos todo moi claro —responden os alumnos.

—Moitas grazas, Mónica, por ter vido e contarnos o que fas para axudar os gatos do noso barrio —di a mestra Cristina.

—A vós por escoitarme con tanta atención.



Edita: © Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030. Secretaría Xeral Técnica. Centro de Publicacións
NIPO en liña: 129-23-026-5
Escrito por: Cristina Soler
Deseño e maquetación: Editorial MIC. Texto orixinal: Cristina Soler. Ilustracións: Juanjo Jiménez
<https://cpage.mpr.gob.es/>

Autorízase a difusión en liña e a reprodución reprográfica destes materiais sen carácter comercial, con fins docentes e de divulgación, por institucións docentes, asociacións e calquera outras entidades privadas sen ánimo de lucro. En ambos os dous casos, deberase respectar a súa integridade, así como os créditos editoriais.
Para calquera outro uso deberase solicitar autorización ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 como titular dos seus dereitos.

Mónica vén á nosa clase

Os alumnos de 1º de primaria están emocionados coa visita de Mónica, a monitora do Centro Felino. Mergúllate na clase e descubre o funcionamento das colonias felinas.

